8. ANÁLISE DOUTROS AXENTES QUE TRABALLAN NA ENSEADA

8. Análise doutros Axentes que traballan na Enseada

Unha das oportunidades que se aprecian a partir do Estudo de potenciación Turística da Enseada, é a existencia doutros axentes que traballan ou se sitúan no noso contorno de traballo, cos que se comparten intereses estratéxicos, e que en coordinación con eles se poderían resolver algúns dos problemas (sobre todo de financiamento) cos que nos atopamos para o desenvolvemento deste espazo xeográfico. Estes organismos, algúns deles son as propias administracións locais, outros son fundacións, como no caso da Illa san Simón, outros asociacións sen ánimo de lucro, como á Asociación de Empresarios de Redondela, ou calquera asociación cultural do entorno, supoñen un forte pulo para a Enseada, sobre todo se traballan de xeito coordinado, xa que na meirande parte dos casos as posibles diferenzas que poda haber entre eles (filiación política dos dirixentes dos Concellos primordialmente) quédanse completamente atenuadas pola confluencia de intereses dos propios interesados.

Presentamos neste sentido, algunhas destas asociacións (á marxe, por suposto da propias administracións locais dos Concellos que baña a Enseada):

8.1. A Fundación Illa de San Simón[1]

A Fundación Illa de San Simón é a encargada, desde o ano 2007, de conservar e promover os valores patrimoniais e dinamizar a actividade cultural deste arquipélago.

Esta entidade sen ánimo de lucro adscrita á Consellería de Cultura da Xunta de Galicia foi declarada fundación de interese galego. O 21 de maio de 2007 celebrou a súa reunión constitutiva, cun padroado formado por diferentes departamentos do goberno autonómico, así como o Concello de Redondela e as Universidades de Santiago, A Coruña e Vigo.

O seu Director Xerente na actualidade é Francisco Javier Alonso González

Obxectivos da Fundación

[1] Datos tirados da súa páxina web e tras conversas coa súa xerencia.

O cometido da fundación vai máis aló do importante labor de conservar e promover os valores naturais, patrimoniais e paisaxísticos do conxunto de San Simón. Tamén foi constituída co obxectivo de converter as illas nun punteiro contedor cultural, promovendo e desenvolvendo todo tipo de actividades culturais, educativas e de investigación.

Converter a illa de San Simón nun centro de pensamento socialmente asumido e universalmente recoñecido.

O arquipélago ten dez séculos de historia, e durante eses anos houbo de todo, bo e malo. Poesía, relixión, guerras e asasinatos, corentenas e confinamentos sanitarios e ideolóxicos. Abandono e ruína. O mellor xeito de renderlle tributo a ese pasado é por superación. Converter a illa no que non a deixaron ser: un lugar de encontro e intersección non só de correntes mariñas, senón tamén de ideas e pensamento. En liberdade. En diálogo.

Ensinar que o camiño correcto é o do diálogo e o do respecto ás ideas alleas e ás diferenzas. E San Simón é o escenario perfecto para conseguilo. Un espazo no que lograremos xerar unha mellor intelixibilidade das nosas sociedades contemporáneas e formular desde esa comprensión mellores estratexias de acción social.

San Simón transcenderá dese modo a súa identidade como espazo natural único dotado de equipamentos recuperados nos que se enxalza o seu valor histórico para converterse nun catalizador do pensamento creativo, máxico, artístico e crítico. A illa transformarase nun ente aglutinador, que desborda o espazo físico para adoptar a forma virtual, da acción de pensamento que move ao home atlántico do século XXI. Traer do mundo e levar ao mundo mensaxes de innovacións artísticas, a través das novas tecnoloxías ao servizo do saber máis antigo, desde unha perspectiva transdisciplinar. Porque este proxecto carecería de sentido se non existiran unhas tecnoloxías virtuais que neste momento permiten superar os seus contornos físicos e chegar a outros contornos.

8.2. Fundación Porto de Vigo[2]

A Fundación Porto de Vigo naceu cos obxectivos de internacionalizar a actividade económica do Porto de Vigo; servir de apoio ás empresas; e ampliar a oferta social e cultural da cidade.

A Fundación está formada por diferentes entidades e empresas:

- Caixanova
- Caixagalicia
- PSA-Citroën
- Pescanova

[2] Fonte: Faro de Vigo

- Termavi
- Remolcanosa
- A Cooperativa de Armadores de Vigo (Arvi)

Presidido pola máxima responsable da Autoridade Portuaria, na actualidade Corina Porro.
Ocupa a vicepresidencia o director de PSA-Citroën, Pierre Ianni.
E a tesourería Javier Touza, presidente da Cooperativa de Armadores.
O seu director actual é Pablo Alborés.

O padroado da entidade, que nace cun capital inicial de 200.000 euros, con vontade de autofinanciación.
A actividade da Fundación Porto de Vigo divídese en tres áreas:

- Formación e Proxectos
- Obra Social
- Actividade Cultural

8.3. Asociación de Empresarios de Redondela[3]

A Asociación de Empresarios de Redondela é unha organización creada no ano 1986 por un grupo de empresarios que ten coma obxectivo o impulso da actividade empresarial e o desenvolvemento económico e social do concello de Redondela.

Actualmente aglutina a un colectivo de máis de 400 empresas de distintos sectores e actividades.

O obxectivo estratéxico da Asociación é converter a Redondela nun centro de crecemento económico fomentando a especialización dos distintos sectores produtivos. Nesta liña aspira, en colaboración cós demais axentes socias, ao desenvolvemento e planificación dun urbanismo de calidade e a mellora das infraestruturas e comunicacións; a impulsar a oferta do comercio local e facelo mais competitivo coa posta en marcha e desenvolvemento do Centro Comercial Aberto; desenvolver un turismo de calidade durante todo o ano baseado nos atractivos do concello e da súa área de influencia e a desenvolver un tecido industrial con dotacións axeitadas identidade propia a nivel nacional e internacional.

Pero ademais, a AER preocúpase polo emprego, a cultura, a lingua, por elo colabora con proxectos sociais e culturais no seu entorno.

Servizos de acceso gratuíto organizados pola AER:

- Emprego

[3] Datos tirados da súa páxina web, e tras conversas mantidas coa súa directiva.

- Candidatos
- Empresas

- Formación
  - Continua
  - Ocupacional
  - Outras
- Asesoramento
- Información Lexislativa
- Axudas e Subvencións
- Descargas
- Outros Servizos/Convenios

8.4. Outras asociacións con intereses na Enseada

Grupo de Acción Costeira da Ría de Vigo-A Garda (GAC 7)
Asociación Deportiva e Cultural de Rande: Promotores da iniciativa de creación do MEIRANDE, un Museo Etnoarqueolóxico de Interpretación de Rande.
O **Obradoiro de Estudos Redondeláns, Fernando Monroy**: Impulsora nos últimos tempos da recuperación das Telleiras de Monte das Canteiras.
O **Seminario de Estudios Redondeláns (SEREN)**
A **Asociación Cultural Alen Nós**
A **Plataforma en Defensa da Enseada de San Simón**
A **Plataforma pola Defensa da Ría de Vigo "Cíes"**
Clubs náuticos da Enseada: **Club Náutico Illa de San Simón**
Asociacións veciñais con intereses na Enseada
Comunidades de Montes
(...)